

Asuntos tratados na sesión ordinaria da Xunta de Goberno local do día 14 de marzo de 2022 (XGL 06/2022)

ORDE DO DÍA

1.- Acta da sesión anterior (28/02/2022). Aprobación **Aprobada**

4.- Facturas. Aprobación e pago. **Aprobadas**

5.- Garantías. **Aprobadas**

5.1.- Devolución aval n.º 56/15 depositado para responder do contrato administrativo da obra: Substitución da cuberta do pavillón Vila de Noia (OBR. 15/2012).

5.2.- Devolución aval n.º 32/18 depositado para responder do contrato administrativo da obra: Reurbanización de rúas na zona de Pedra Furada (OBR. 07/2018).

5.3.- Devolución aval n.º 38/18 depositado para responder do contrato administrativo da obra: Reurbanización da rúa Cándido González Tiradas, Fase II (OBR. 09/2018).

5.4.- Devolución fianzas SIA321500000010, SIA3201700000016 e SIA320180004887 depositadas para responder do contrato administrativo de servizo: Servizo de asesoría xurídica do Centro de Información á Muller do concello de Carballo (SAT 10/2015). Modificacións 1ª e 2ª.

5.5.- Devolución fianza metálico I320210000275 depositada para responder do contrato administrativo de servizo: Programa exercicio físico para adultos maiores de 60 (SER. 18/2018 Modificación 1 prórroga). Substitución por aval bancario.

6.- Gratificacións persoal laboral do concello de Carballo. Aprobación. **Aprobadas**

7.- Programa Aprende a través do surfing. Aprobación programa e gasto. **Aprobado**

8.- Prezo público para o Taller de Podcast de ficción – programa formativo FormaCIP. Aprobación. **Aprobado**

9.- X Carreira popular concello de Carballo. 10K Carballo 2022. Aprobación. **Aprobada**

10.- Subvencións. **Aprobada**

10.1.- Solicitud de subvención á Deputación Provincial da Coruña para apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e artes escénicas durante o ano 2022. Aprobación.

11.- Convenios. **Aprobado**

11.1.- Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa velutina). Adhesión.

12.- Expedientes de reclamación por danos. **Aprobados**

12.1.- Reclamación por danos causados en semáforo na Avda. Bértoa. (REC DANOS 006/2022).

12.2.- Reclamación por danos causados en sinal vertical de paso de peóns (REC DANOS 007/2022).

12.3.- Reclamación por danos causados en sinais verticais de tráfico na intersección das rúas Cobre e Volframio (REC DANOS 008/2022).

13.- Reserva espazo público. Aprobadas

13.1.- Vao permanente na rúa Geranios núm. 20. Autorización.

13.2.- Vao permanente na rúa Vila de Corme núm. 1. Autorización

14.- Licenzas de obra. Aprobadas

14.1.- Construción de vivenda unifamiliar no lugar de A Braña, parroquia de Oza. Expte: 2021/U022/000086.

14.2.- Construción dunha nave industrial destinada a planta eco saudable con accesibilidade universal para a elaboración de produtos panificados de nova xeración na parcela E1 da rúa da Madeira do Parque Empresarial de Bértoa. Expte: 2021/U022/000127. **Proxecto básico.**

14.3.- Construción de edificación para uso agrícola no lugar de A Ponte, parroquia de Bértoa. Expte: 2021/U022/000136.

14.4.- Ampliación de edificación existente dedicada a aserradoiro de madeira no lugar de A Canosa núm. 58, parroquia de Rus. Expte: 2021/U022/000137.

14.5.- Obras de conservación dun hórreo situado no lugar de Cances Grande, parroquia de Cances. Expte: 2022/U022/000002.

14.6.- **Prórroga** do prazo de remate de obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Castrillóns 34B, parroquia de Lema. Expte: 2022/U003/000001.

15.- Licenzas de primeira ocupación. Aprobadas

15.1.- Licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar situada no lugar de A Cesta núm. 2(A), parroquia de Ardaña. Expte: 2021/U007/000021.

15.2.- Licenza de primeira ocupación e inicio da actividade de nave industrial destinada a taller mecánico de reparación de maquinaria agrícola, forestal e industrial na rúa da Madeira, Parcela H11, do parque empresarial de Bértoa. Expte: 2021/U007/000042.

16.- Expedientes de contratación. Adjudicación. Aprobado

16.1.- Contrato privado para la enajenación onerosa de bien patrimonial situado en la calle Jazmín 25-27 de Carballo, por concurso. (PRI 64/2021).

17.- Expedientes de contratación. Modificación. Aprobado

17.1.- Contrato administrativo de servizos para o "Control de pragas urbanas no concello de Carballo (desratización, desinfección e desinfectación" (SAT 02/2017). Modificación núm. 2. Prórroga.